



Vinta uito de xaneiro  
que agora veume a memoria  
pra que me oídes todos  
imos prinsipiala historia.

Aquí tamos os ghalleghos,  
falamoh de corasón,  
que tamos todos contentos  
que s' acabou a ración (*racionamento*).

Cando había pouco aceite  
e n' había con qué xantare  
fasíane laradas de lume  
e o bolo trah do lare.

Deixémolo tempo vello,  
díghocho de corasón,  
ahora imos bucare  
que xa se veste pantalón.

Eu xa iandoven descalo,  
e pasei muito traballos.  
E dempois fun a Carnés  
comprar un sapatos vellos  
e atopeinos de seghunda ves.

A moda que hai aghora:  
ó que tén a perna torta  
tén a casa por barrer  
e bot' ò pote na porta.

Vamos desir outra cousa  
que se me acorda outra ves  
vámoslle dalo prinsipio  
a este lughar de Carnés.

Neste lughar hai treh mosas  
a nai é a patrona  
por onde quiera que vaian,  
de putas teñen a sona.



Cheghaban os mariñeiros  
anque for' à noite escura,  
para que lle laven a roupa  
e fasela limpadura.

E cando viñan do monte  
taba ò caldo sin fasere,  
os probes homes choraban  
que non había que comere.

A muller collía os potes  
e poñíase a lavala lousa,  
e para qu' o home non chore  
reghalall' aquela cousa.

Aquela cousa na quere  
porque o home n' é capás  
que aínda tá sin almorsar  
e o probe non tén solás.

Rapaciñah do meu tempo,  
rapai ese voso Xoán,  
eu rapein o meu antonte  
doume dúas libras de lan.

Pasei pola túa porta  
baixei os pantalóns  
e mirein polo teu cabaso,  
esta cheo de ghorrións.

Nesa aldea de Carballo  
vindes hastra Malpeghilde  
condenados por traballo.

Non che vimos por traballo  
nin por ghana de comer,  
vimos por facelas obras  
que ti non sabes facer.

Pa correr ós da montaña  
non presiso pau nin vara,  
que m' abastan cuatro pelos  
que me naseron na cara.



Vaite d' aí pioloso  
non me téis tantos piollos,  
vén o vento do nordés  
e vains encher a todos.

Ahí vén ó torto de Prado  
dábanll' a iagua nun balde  
coma se fora un cabalo.

Que son torto xa o seín  
pero na terra dos cegos  
quen ten un ollo é un rei.

Cághome en Dios de Castelo  
e for' ò Espírito Santo  
e en tod' òs da montaña  
se me andan jodendo tanto.

Pasein a ponte Constante  
non a pasein por ladrón,  
paseina por ir ás mosas  
aló a Corcubión.